

O CAMPUS DE OURENSE ACOLLE HOXE UNHA MESA INFORMATIVA SOBRE DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

Profesionais da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estarán hoxe, martes 14 de abril no Edificio de Ferro do campus de Ourense atendendo unha mesa informativa sobre a doazón de medula ósea. Estudantes e docentes poderán achegarse para coñecer e resolver dúbidas sobre a doazón de medula ósea para o que a Axencia é centro de referencia para a tipaxe destes doantes.

Esta iniciativa forma parte dun amplo programa informativo que a ADOS desenvolve nesta segunda fase da campaña de doazón en centros educativos de toda Galicia.

Unha unidade móbil da ADOS estará estacionada diante do Edificio de Ferro na Rúa Doutor Temes os días 14 e 16 de abril en horario das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas para recoller a solidariedade de todos os estudantes universitarios que desexen doar sangue.

Ademais, o campus norte da Universidad de Santiago de Compostela acollerá tamén a marquesiña informativa sobre a doazón de sangue que forma parte da campaña "Non perdas este bus. Léivate ao Son do Camiño" que estará ao carón da unidade móbil da Axencia que estacionará na entrada principal da Facultade de Económicas e Empresariais. A unidade móbil atenderá, hoxe martes 14 de abril, a todas as persoas que desexen doar das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas.